



# Campamentos de verán para persoas con discapacidade Ano 2019



Versión en lectura fácil

**Adaptación a lectura fácil:**

**FADEMGA**



**Validación de textos por:**

Blasco López, Antón Roi

Varela González, Felipe

González Riera, Andrés

**Logotipo da portada:**

Logotipo europeo de lectura fácil

© European Easy-to-Read Logo: Inclusión Europe.

Máis información en [www.inclusion-europe.org/etr](http://www.inclusion-europe.org/etr)

# Índice

<b>Introdución.....</b>	<b>páxina</b>	<b>4</b>
<b>Datas, lugares e prezos dos campamentos.....</b>	<b>páxina</b>	<b>6</b>
<b>Que tes que facer para solicitar os campamentos?...</b>	<b>páxina</b>	<b>8</b>
<b>Como elixe a Consellería de Política Social as persoas que van aos campamentos?</b>	<b>páxina</b>	<b>11</b>
<b>Obrigación das persoas nos campamentos.....</b>	<b>páxina</b>	<b>13</b>
<b>Onde podes atopar máis información?.....</b>	<b>páxina</b>	<b>14</b>

# Campamentos de verán para persoas con discapacidade

## Ano 2019



### **Versión en lectura fácil**

## **Introdución**

A Consellería de Política Social da Xunta de Galicia oferta 185 prazas de campamentos de verán para persoas con discapacidade.

Os campamentos de verán para persoas con discapacidade duran 10 días.

Os obxectivos dos campamentos de verán para persoas con discapacidade son:

- Mellorar as habilidades sociais das persoas con discapacidade.
- Axudar as persoas con discapacidade a coñecer a cultura galega.
- Animar as persoas con discapacidade a participar en actividades na natureza e no mar.
- Mellorar a educación sobre saúde das persoas con discapacidade.

## **Quen pode participar nos campamentos de verán para persoas con discapacidade?**

Para participar nos campamentos de verán para persoas con discapacidade tes que cumprir os seguintes requisitos:

- Ter un certificado de discapacidade de grao 33% ou máis.
- Ter 11 anos ou máis.
- Non pasar dos 40 anos.
- Estar empadroado nun concello de Galicia.
- Seguir as normas de convivencia do campamento.
- Poder comunicarte coas persoas no campamento.
- Poder participar nas actividades do campamento.
- Ter unha mobilidade axeitada para poder desprazarse polo lugar solicitado.
- Non podes ter unha enfermidade que se poida transmitir por contaxio

## **Que servizos che dan nos campamentos de verán para persoas con discapacidade?**

Nos campamentos de verán para persoas con discapacidade danche os seguintes servizos:

- Durmir nun albergue ou nunha residencia.
- Almorzo, comida, merenda e cea.
- As actividades do campamento.  
Por exemplo actividades na natureza ou no mar.
- O material para as actividades do campamento.
- Primeiros auxilios en caso de accidentes.

- Un seguro de accidentes.
- Monitores expertos nas actividades do campamento.

## Datas, lugares e prezos dos campamentos de verán para persoas con discapacidade.

Nos seguintes cadros podes ver a información sobre os campamentos de verán para persoas con discapacidade:

- A idade das persoas que poden ir a cada campamento.
- As datas dos campamentos.
- Os lugares dos campamentos.
- O albergue ou residencia onde dormes.
- O prezo do campamento, que son os cartos que tes que pagar.

### Campamentos para persoas de 11 anos ata 14 anos

Datas	Lugar	Albergue ou residencia	Nome do campamento	Prezo
Do 15 de agosto ao 24 de agosto	Bergondo A Coruña	Albergue Xuvenil Gandarío	Natureza xunto ao mar	125 euros
Do 22 de agosto ao 31 de agosto	Carballiño Ourense	Residencia de Tempo Libre	Aventura na natureza	125 euros

### Campamento para persoas de 15 anos ata 18 anos

Datas	Lugar	Albergue ou residencia	Nome do campamento	Prezo
Do 15 de agosto ao 24 de agosto	Bergondo A Coruña	Albergue Xuvenil Gandarío	Natureza xunto ao mar	125 euros

Do 1 do setembro ao 10 de setembro	Nigrán Pontevedra	Residencia de Tempo Libre de Panxón	Natureza xunto ao mar	125 euros
---------------------------------------	----------------------	---	--------------------------	-----------



## Campamentos para persoas de 19 anos ata 25 anos

<b>Datas</b>	<b>Lugar</b>	<b>Albergue ou residencia</b>	<b>Nome do campamento</b>	<b>Prezo</b>
Do 1 de xullo ao 10 de xullo	Nigrán Pontevedra	Residencia de Tempo Libre de Panxón	Natureza xunto ao mar	125 euros
Do 5 de xullo ao 14 de xullo	Carballiño Ourense	Residencia de Tempo Libre	Aventura na natureza	125 euros
Do 1 de agosto ao 10 de agosto	Bergondo A Coruña	Albergue Xuvenil Gandarío	Natureza xunto ao mar	125 euros
Do 29 de agosto ao 7 de setembro	Bergondo A Coruña	Albergue Xuvenil Gandarío	Natureza xunto ao mar	125 euros

## Campamentos para persoas de 26 anos ata 40 anos

<b>Datas</b>	<b>Lugar</b>	<b>Albergue ou residencia</b>	<b>Nome do campamento</b>	<b>Prezo</b>
Do 1 de xullo ao 10 de xullo	Nigrán Pontevedra	Residencia de Tempo Libre de Panxón	Natureza xunto ao mar	125 euros
Do 1 de agosto ao 10 de agosto	Bergondo A Coruña	Albergue Xuvenil Gandarío	Natureza xunto ao mar	125 euros
Do 29 de agosto ao 7 de setembro	Bergondo A Coruña	Albergue Xuvenil Gandarío	Natureza xunto ao mar	125 euros
Do 5 de setembro ao 14 de setembro	Carballiño Ourense	Residencia de Tempo Libre	Aventura na natureza	125 euros



## Cando debes solicitar os campamentos de verán para persoas con discapacidade?

Podes presentar a solicitude ata o día **3 de maio de 2019**.

Despois do día 3 de maio non podes solicitar os campamentos.

## Que tes que facer para solicitar os campamentos de verán para persoas con discapacidade?

Para solicitar os campamentos tes que entregar os seguintes documentos:

- Ficha de solicitude.
- Informe médico
- Se a túa familia é unha familia numerosa podes entregar a fotocopia do certificado de familia numerosa.
- Se tes carné xove, podes entregar a fotocopia do carné xove.

A ficha de solicitude e o informe médico están na páxina web da Consellería de Política Social.

Entra nesta páxina web para cubrir os documentos:

<http://politicassocial.xunta.gal/web/portal/portada/campamentos-veran>

## Ficha de solitude:

Formulario de solicitud de campamentos de verano para personas con discapacidad. El formulario está dividido en varias secciones:

- ENCABEZADO:** XUNTA DE GALICIA, CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL, Xunta de Galicia, e Promoción das Discapacidades.
- TÍTULO:** CAMPAMENTOS DE VERÁN ESPECÍFICOS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE. SOLICITUDE.
- DATOS DA PERSOA CON DISCAPACIDADE:** Nome, primeiro e segundo apelido, DNI, data de nacemento, nº de Tarjeta Sanitaria, domicilio habitual, código postal, concello, provincia, teléfono e correo electrónico.
- E, NA SÚA REPRESENTACIÓN:** O PAI / A MAI / O TUTOR / O TUTORIA / O RESPONSABLE DO CENTRO. Nome, primeiro e segundo apelido, DNI.
- DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:** Nome, primeiro e segundo apelido, DNI, domicilio, código postal, concello, teléfono e correo electrónico.
- DESTINOS E DATAS SOLICITADAS:** Campos para indicar o primeiro e segundo destino e a data correspondente.
- DATOS ESPECÍFICOS DA PERSOA CON DISCAPACIDADE:** Sección de declaracións e datos adicionais sobre a discapacidade e situación do solicitante.

Na ficha de solitude tes que escribir os campamentos que pides.

Tes que escribir o nome do campamentos e a data que pides no apartado que pon:

### **DESTINOS E DATAS SOLICITADAS.**

Podes pedir 2 campamentos.

Na ficha de solitude tamén tes que cubrir información sobre:

- Os teus datos persoais, por exemplo o teu nome e apelidos.
- Os datos persoais do teu titor legal ou representante.
- A túa discapacidade, por exemplo o grado da túa discapacidade.

Tes que asinar a ficha de solitude.

Se tes titor legal ou representante, el ten que asinar a ficha de solitude.

Se tes menos de 18 anos, os teus titores legais son os teus pais.

Se estás nun centro, a persoa responsable do centro pode ser o teu representante.

Se tes máis de 18 anos, un xuíz pode decidir que teñas un titor legal.

Podes autorizar a Consellería de Política Social para consultar outros documentos teus na ficha de solicitude.

Autorizar significa que permites á Consellería de Política Social consultar estes documentos:

- O DNI
- O certificado de discapacidade
- O certificado de empadramento
- O documento que demostra que tes un titor legal ou representante, se o tes.

Se non autorizas a Consellería de Política Social para consultar estes documentos, tes que entregar unha copia destes documentos.

Se tes un titor legal ou representante, el é a persoa que autoriza a Consellería de Política Social para consultar os teus documentos.

### Informe médico:

El formulario es un documento oficial de la Xunta de Galicia, Consellería de Política Social, para solicitar el informe médico necesario para el reconocimiento de la discapacidad. Incluye campos para datos personales, datos de identificación de la persona con discapacidad, datos de salud (alergias, enfermedades, tratamientos) y datos de atención especializada. El formulario está en gallego y español.

O informe médico ten que cubri-lo o teu médico e asinalo.

O Informe médico recolle os teus datos de saúde, por exemplo as alerxias que tes ou as túas enfermidades.

Tamén recolle as axudas que necesitas para coidar a túa saúde.

## Onde debes presentar os documentos para solicitar os campamentos de verán para persoas con discapacidade?

Os documentos que tes que presentar

para pedir un campamento son:

- A ficha de solícitude
- O informe médico
- Outros documentos,  
por exemplo a copia do carné xove.

Estes documentos teñen que chegar

á Consellería de Política Social.

Por ese motivo, tes que escribir este enderezo na documentación:

**Consellería de Política Social**

**Dirección Xeral de Maiores e Persoas con discapacidade**

**Edificio Administrativo San Caetano**

**15781 Santiago de Compostela.**

Podes presentar os documentos en papel

en calquera destes rexistros:

- Nos rexistros da Xunta de Galicia
- Nos rexistros dos concellos
- Nas oficinas de Correos

Podes consultar na Lei número 39

do 1 de outubro do ano 2015

outras formas de presentar a solícitude dos campamentos.

## **Cales son os descontos no prezo dos campamentos de verán para persoas con discapacidade?**

Todos os campamentos teñen o mesmo prezo.  
Cada campamento ten un prezo de 125 euros.

A Consellería de Política Social  
informarache de como tes que pagar os 125 euros  
se che dan una praza nun campamento.

Podes ter desconto no prezo do campamento:

- Se formas parte dunha familia numerosa,  
o campamento ten un prezo de 62,50 euros.
- Se tes o carné xove,  
o campamento ten un prezo de 93,75 euros.

Só podes ter 1 desconto.

Para ter o desconto de familia numerosa  
tes que entregar  
unha copia do certificado de familia numerosa coa solicitude.

Para ter o desconto polo carné xove  
tes que entregar  
unha copia do carné xove coa solicitude.

## Como elixe a Consellería de Política Social as persoas que van aos campamentos?

A Consellería de Política Social ten unhas normas para elixir as persoas que van aos campamentos.

A Consellería de Política Social elixe as persoas que van aos campamentos dependendo de:

- Se participaches outros anos nun campamento da Consellería de Política Social.
- O lugar onde vives.

Unha persoa que non foi a campamentos outros anos ten máis posibilidades de ir a unha campamento que unha persoa que xa foi.

Unha persoa que vive coa súa familia ten máis posibilidades de ir a un campamento que as persoas que non viven coas súas familias.

No caso de 2 solicitudes empatadas, será elixida a persoa que presentou antes a solicitude.

A Consellería de Política Social

avísate de se tes praza nun campamento ou non.

Podes aceptar a praza no campamento  
ou renunciar á praza.

Renunciar á praza significa  
que xa non queres ir ao campamento.

Para aceptar a praza tes que cubrir  
o documento de aceptación de praza.

Para renunciar a praza tes que cubrir  
o documento de renuncia de praza.

Tes 10 días hábiles para aceptar a praza ou renunciar á praza.  
Os días hábiles son todos os días da semana  
menos o sábado, o domingo e os festivos.

Os 10 días empezan a contarse  
dende o día que a Consellería de Política Social  
che informa de que tes unha praza nun campamento.



## Cales son as obrigacións das persoas que participan nos campamentos para persoas con discapacidade?

- Tes que cumprir as normas do campamento.
- O primeiro día do campamento o horario para chegar ao lugar do campamento é dende as 4 da tarde ata as 7 da tarde.
- O último día do campamento o teu pai, nai ou titor legal ten que recollerte para volver a túa casa.  
A viaxe para volver a túa casa ten que pagala a túa familia.
- Podes deixar o campamento antes de que remate.  
O teu pai, nai ou titor legal ten que asinar un escrito para que poidas deixar o campamento

Tes que deixar o campamento acompañado polo teu pai, nai ou titor legal.

- Tes que deixar o campamento se non cumpres as normas.  
Tamén tes que deixar o campamento se tes problemas coas actividades ou cos teus compañeiros.

Nestes casos tamén tes que deixar o campamento acompañado polo teu pai, nai ou titor legal.

## **Cando che devolven os cartos do campamento?**

Cando deixas o campamento antes de que remate, tes que pagar igual o prezo total do campamento.

A Consellería de Política Social devólveche os cartos do campamento se o campamento non se fai.

A Consellería de Política Social devólveche os cartos se decides non ir ao campamento e avisas con tempo.

Tes que presentar unha solicitude na Consellería de Política Social pedindo os cartos do campamento.

Tes que entregar esta solicitude polo menos 10 días antes de que empece o campamento.

A Consellería de Política Social non che devolve os cartos se faltan menos de 10 días para que empece o campamento.

## **Onde podes atopar máis información sobre os campamentos de verán para persoas con discapacidade?**

No Servizo de Prevención da Dependencia da Xunta de Galicia danche información sobre como pedir os campamentos de verán para persoas con discapacidade.

Este é o seu correo electrónico: [autonomiapersoal.sxps@xunta.gal](mailto:autonomiapersoal.sxps@xunta.gal)

Estes son os seus teléfonos:

**981 54 74 37**

**981 54 67 37**

**981 54 46 40**

Podes pedir información xeral sobre os campamentos no teléfono social:

**900 333 666**

Este teléfono é gratis.



Podes pedir información sobre os campamentos nos concellos, nos centros de saúde e nas oficinas de Xuventude e Voluntariado.

Tamén podes pedir información sobre os campamentos nas oficinas da Xunta de Galicia de Dependencia e Autonomía Persoal de cada provincia.

Estes son os enderezose os teléfonos:

### **A Coruña**

Rúa Concepción Arenal, número 7-9 - 15006 A Coruña.

Teléfono 881 881 528.

### **Lugo**

Rúa Serra de Ancares, número 68 baixo - 27003.Lugo.

Teléfono 982 889 132.

### **Ourense**

Rúa Sáenz Díez, número 33 - 32003 Ourense.

Teléfono 988 386 178.

### **Vigo**

Rúa Concepción Arenal, número 8, Primeiro andar - 36201 Vigo.

Teléfono 986 817 217.

